
A GANANCIA E A PERDA

Texto de MARTÍN VEIGA

Ilustracións de REBECA LAR

Encadernación rústica, sobrecuberta. 14,5 x 21 cm. 104 páx. 13 €
ISBN 978-84-16721-60-3. Tambo. Faktoría K.

*arrechéganse a min, esquivas,
as miraxes da perda e da ganancia,
o restroballo, todo aquilo que xa foi
e non será máis nunca, o que fuxiu
esvaeándose entre os dedos
coma a area cegadora dun deserto...*


[Fragmento de “As miraxes”]

Este libro, como delata o seu título, é froito de dúas pulsións radicalmente opostas nun tempo no que Martín Veiga ía atravesar a vivencia transformativa de converterse en pai por primeira vez -“a ganancia máis fermosa”, en palabras do autor- e a experiencia frustrante de padecer un ataque informático que borrou do seu ordenador -“a violencia ruín da perda”- todos os arquivos de moitos anos de traballo, entre ensaios, traballos académicos, poemas, anotacións, fotografías...

Diso xurdiu, cunha xestación creativa aproximada de nove meses, a escrita conmocionada de «A ganancia e a perda», unha obra que foi concibida como unha secuencia de poemas de catorce versos (case falsos sonetos) escritos “dende a lembranza, a evocación, a complicidade ou o diálogo con outras persoas”, e que inclúen sempre as palabras *ganancia* e *perda*.

Finalmente, o libro -dividido en seis capítulos que se acompañan con citas de poetas como Ezra Pound, José Ángel Valente, Sylvia Plath...- é unha reflexión sobre o que desaparece e o que queda, un tratado moral sobre a memoria e o amor, e unha viaxe entre as gratificacións da ganancia e os abismos da perda.

Meditación, tratado e viaxe das que se pode aventurar, con T. S. Eliot, en certa maneira anxo tutelar desta obra: *«All shall be well, and / All manner of thing shall be well»*. É dicir: todo irá ben, de todas as maneiras todo irá ben.



- **Temática:** reflexións logo dunha catarse persoal.
- **Destinatarios:** lectores adultos.
- **Aspectos destacables:** outros títulos da colección *Tambo*: «*Os ángulos da brasa*» (Premio Ánxel Casal de Poesía 2012, Premio da Crítica Española 2012, Premio de Poesía da AELG 2012 e Premio Nacional de Poesía 2013), «*Onde nunca é mañá*» e «*Rigorosamente humano*» de Manuel Álvarez Torneiro; «*Alén da fronteira. Sete poetas vascos*» (Premio Lois Tobío de Tradución 2012); «*Tríptico*» de Antoni Marí; «*Espiral de sombras*» de Xavier Seoane; «*Estrela do norte*» de Luís Rei Núñez; «*Tempo de exilio*» de Joseba Sarrionandia (I Premio Etxepare-Laboral Kutxa de Tradución 2015); «*Diario de Crosses Green*» de Martín Veiga; «*Tempo transfigurado*» de Cesáreo Sánchez Iglesias; «*Cervatos*» de Lucía Novas; «*Feliz idade*», de Olga Novo (Premio Gala do Libro Galego 2020).

Martín Veiga

(Noia, 1970)

É poeta e profesor titular de Estudos Hispánicos na University College Cork, onde tamén dirixe o Irish Centre for Galician Studies e codirixe a revista *Galicia 21: Journal of Contemporary Galician Studies*. Como investigador, é autor da monografía «Escribir na multitude: A obra literaria de Antón Avilés de Taramancos» (2014) e doutros estudos académicos sobre poesía contemporánea, tradución literaria e literatura de viaxes no ámbito ibérico. A súa traxectoria poética comezou coa publicación do libro «Tempo van de porcelana» (1990), ao que lle seguiron títulos como «As últimas ruínas» (1994, Premio Espiral Maior), «Ollos de ámbar» (2005, Premio Esquío) e «Fundaxes» (2006, Premio Fiz Vergara Vilariño). En 2016, a colección *Tambo* acolleu «Diario de Crosses Green», que foi traducido ao inglés.

www. **Kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com

